

17



## Ollos abertos

### Buscamos a alguén que nos axude

Ante os problemas e dificultades, as persoas buscamos a alguén que nos axude para poder saír desa situación.

**Xosé Manuell** levaba no seu coche un amigo. Nun despiste chocou contra outro e o seu amigo morreu. Agora non fai máis ca dicir: "Son culpable da morte do meu amigo".

**Sara** é delicada de saúde: tén frecuentes dores de cabeza; dóelle o estómago a miúdo e moitas veces sofre mareos e vómitos.

**Marta** perdeu ao seu noivo, co que ía casar. Dende entón non sae á rúa, só quere estar soa. Di que prefire morrer para estar con el.

**Gonzalo** é moi inquedo: cástalle atender na clase, distráese con calquera cousa. Se alguén lle leva a contraria, irritase moito e responde con agresividade.

▶ ¿Como debe axudarlle o psicólogo ou o médico a cada unha destas persoas?

Xosé Manuel	
Sara	
Marta	
Gonzalo	



## Mirada penetrante

### Condicións para ser axudados

Para que o que tén problemas poida ser axudado, requírense varias condicións.

O que vai ao médico ou ao psicólogo debe...	O psicólogo ou o médico debe...
<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> <li>•</li> <li>•</li> <li>•</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>•</li> <li>•</li> <li>•</li> <li>•</li> </ul>



## Oídos atentos

### A obra de curación e de salvación de Cristo e da Igrexa

O que fixo Xesús na súa vida, realiza agora a Igrexa coa forza do Espírito.

#### ■ 1 ■ O que fixo Xesús

Xesús dedicou a súa vida a aliviar aos que sufren e a perdoar aos pecadores.

##### Perdoou aos pecadores



*Asegúrovos que o que atedes na terra será atado no ceo, e o que desatedes na terra será desatado no ceo. (Mt 18,18)*

*A quien lles perdoedes os pecados, quedaranllles perdoados; a quien llelos reteñades, quedaranllles retidos. (Xn 20,23)*

##### Aliviou aos enfermos



*¿Está enfermo algún? Que chame aos anciáns da comunitade, para que recen por el, unxíndoo con aceite no nome do Señor. A oración feita na fe salvará ao enfermo; o Señor fará que se erga e, seranlle perdoados os pecados. (Sant 5,14-15)*

#### ■ 2 ■ Os sacramentos de curación

Agora a Igrexa, coa forza do Espírito Santo, realiza a obra de curación e salvación de Cristo por medio dos sacramentos de curación: a penitencia e a unción de enfermos.

	Penitencia	Unción de enfermos
<b>En que consiste</b>	Os que se achegan ao Sacramento da Penitencia obteñen da misericordia de Deus o perdón dos pecados cometidos contra El e, ao mesmo tempo, reconcílianse coa Igrexa, á que ofenderon cos seus pecados. Ela móveos a conversión co seu amor, o seu exemplo, as súas oracións. (LG 11)	Coa Sagrada Unción dos enfermos e a oración dos sacerdotes, toda a Igrexa encomenda aos enfermos ao Señor sufrinte e glorificado, para que os alivie e os salve. Mesmo os anima a unirse libremente á paixón e morte de Cristo; e contribuír, así, ao ben do pobo de Deus. (LG 11)
<b>Quen os administra</b>	Os bispos e sacerdotes	Os bispos e sacerdotes
<b>Como se administran</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Proclamación da Palabra de Deus.</li> <li>• Chamada ao arrepentimento.</li> <li>• Manifestación dos pecados ao sacerdote.</li> <li>• Imposición e aceptación da penitencia.</li> <li>• Absolución do sacerdote.</li> <li>• Acción de grazas a Deus.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Petición de perdón.</li> <li>• Proclamación da Palabra de Deus.</li> <li>• Imposición das mans e oración do sacerdote sobre o enfermo.</li> <li>• Unción na frente e nas mans con aceite bendicido.</li> </ul>
<b>A quen se administra</b>	Aos bautizados que cometieron pecados graves e están arrepentidos.	Aos bautizados que empezan a estar en perigo de morte por enfermedade ou vellez.

<b>Como debe recibirse</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Arrepentido e convertido a Cristo.</li> <li>• Manifestando con sinceridade os pecados ao sacerdote.</li> <li>• Cumprindo a penitencia para reparar o mal causado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Arrepentido e confiando no poder de Cristo e a força do Espírito.</li> <li>• Acompañado polas oracións da familia e a comunidade.</li> </ul>
<b>Que se recibe nel</b>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Perdón dos pecados e recuperación da vida de Deus.</li> <li>• Paz e consolo interior.</li> <li>• Fortaleza para loitar contra o mal e o pecado.</li> </ul>	<ul style="list-style-type: none"> <li>• Unión con Cristo na cruz.</li> <li>• Consolo e paz no sufrimento e a enfermidade.</li> <li>• Perdón dos pecados se non puido recibir o Sacramento da Penitencia.</li> <li>• Curación corporal, se lle convén.</li> <li>• Preparación para aceptar a morte e entrar no ceo.</li> </ul>



► Escribe estas palabras onde corresponda e explica a relación que teñen cos dous sacramentos que acabamos de ver:

Alivio  
Perdón  
Salvación  
Reconciliación

Consolo  
Paz  
Fortaleza  
Arrepentimento

Conversión  
Absolución  
Curación  
Recuperación

Penitencia	Unción de enfermos
•	•
•	•
•	•



### Memoria esperta

#### Os sacramentos da Penitencia e da Unción de enfermos

A Igrexa aprecia os Sacramentos da Penitencia e a Unción de enfermos. Anímanos a valoralos e a recibilos ben preparados.

■ ¿Que é o Sacramento da Penitencia?

■ ¿Como se celebra o Sacramento da Penitencia?


- ¿Que é o sacramento da Unción de enfermos? ■ ¿Como se celebra o sacramento da Unción de enfermos?



## Mans activas

### Condicóns para acoller o perdón de Deus

Recordamos as condicóns necesarias para acoller o perdón de Deus.



- 1. Exame de conciencia:** Trato de recordar todos os meus fallos: accións, pensamentos, desexos, palabras, tamén as cousas boas que debera facer e non fixen (pecados de omisión).
- 2. Dor dos pecados:** Pido perdón a Deus por non facer o que me pedía, por non amar nin tratar a todos coma irmáns.
- 3. Propósito da emenda:** Prometo corrixir as miñas faltas, portarme ben no futuro, reparar o mal que fixen aos demais.
- 4. Dicir os pecados ao confesor:** Manifesto con sinceridade todos os pecados graves e mortais que cometín, pero tamén os más leves ou veniais.
- 5. Cumprir a penitencia:** Expreso a miña decisión de poñer os medios para non volver a facer mal e seguir de verdade a Xesús polo camiño do ben.

#### ▶ ¿Que condición non cumplen as seguintes persoas?

- |  |  |
|--|--|
| • Rafa, cando se confesa, promete que non vai facer canalladas. Pero despois xúntase coa súa cuadrilla e volve a facelas.                                |  |
| • María, en vez de prepararse para confesarse, estivo a charlar cunha amiga. Despois non sabía que dicirlle ao sacerdote nin de qué pecados se confesar. |  |
| • María do Mar confésase moi a miúdo; pero faino case sempre por rutina, sen pedir perdón sinceramente nin estar de verdade arrepentida.                 |  |
| • Andrés ás veces rouba diñeiro na casa ou no colexio. Dálle moita vergoña dicir ese pecado e non o confesa ao sacerdote.                                |  |